

PUBLICACIÓN LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUIDAS NA LISTA ÚNICA DA AGRUPACIÓN PROFESIONAL: LIMPEZA E COCIÑA

Santiago de Compostela 26/09/23

Publícase hoxe en DOG a **RESOLUCIÓN** da D.X. da Función Pública, pola que se fai pública a **relación de persoas admitidas e excluídas con carácter definitivo** que solicitaron a **inclusión na lista única** para a cobertura con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal da **agrupación profesional** do persoal funcionario da Admón xeral, **escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais**, especialidade de **persoal de limpeza e cociña**, ao abeiro do establecido no artigo 4.1 da Orde do 20 de xullo de 2021.

Podes consultar as listas:

- No portal web corporativo da Xunta de Galicia:

<https://www.xunta.gal/funcion-publica/contratacion-temporal/xeracion-de-solicitudes>

- Nas oficinas de rexistro e atención á cidadanía da Xunta de Galicia (edificios administrativos da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Información que figura nas listas:

- As **persoas solicitantes admitidas** na lista única, ao abeiro da Resolución do 12 de abril de 2023, **procedentes de listas de contratación temporal** de **categorías** profesionais laborais **equivalentes** con indicación da **puntuación definitiva** resultante da aplicación do baremo, conforme o establecido no artigo 6 e na disposición transitoria primeira da Orde do 20 de xullo de 2021, en relación co seu artigo 2.
- **Persoas solicitantes admitidas** na lista única, ao abeiro da Resolución do 12 de abril de 2023, **procedentes das solicitudes presentadas no prazo do 2023** nas listas de contratación temporal de categorías profesionais laborais equivalentes segundo o punto sétimo da dita resolución, con indicación da **puntuación definitiva** resultante da aplicación do baremo, conforme o establecido no artigo 6 e na disposición transitoria primeira da Orde do 20 de xullo de 2021, en relación co seu artigo 2
- As **persoas excluídas** ao abeiro da Resolución do 11 de outubro de 2021, coa causa de exclusión

Entrada en vigor da lista:

A partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

